

ESTUDO LAMELA ARQUITECTOS (desde 1954)

O Estudio Lamela fundouse no ano 1954 en Madrid. Posúe unha dilatada experiencia de máis de medio século de actividade con máis de 1500 proxectos, grazas a un completo equipo de 150 profesionais que desenvolven o seu traballo coa colaboración dos especialistas máis axeitados en cada unha das disciplinas, formando grupos multidisciplinares que traballan de forma flexible e dinámica. É un referente na maioría das áreas de actividade arquitectónica: arquitectura do transporte, deportiva, oficinas, residencial, sanitaria, hoteleira ou planeamento urbanístico. As súas realizacións caracterízanse pola innovación e vangardía arquitectónicas.

O estudo posúe a certificación internacional de calidade *AENOR UNE EN ISO -9001: 2000* e ademais foi designado pola prestixiosa revista especializada *World Architecture* como un dos maiores estudos arquitectónicos no 2004 dentro do TOP 200. Este recoñecemento vese avaliado por máis de 35 primeiros premios en concursos nacionais e internacionais entre os máis de 140 concursos presentados, e a repercusión en prestixiosas publicacións.

Promoveu en 2001 xunto a outros grandes estudos europeos, entre os que destaca o equipo líder mundial angloamericano HCK, unha gran rede de firmas de arquitectura con máis de 750 profesionais ao longo de oito países.

Na actualidade ten abertos máis de 30 proxectos nas diferentes fases de execución e dirección de obra cun total duns 3 millóns de metros cadrados proxectados. O seu alcance no exterior vese reforzado por máis de 60 proxectos internacionais, algúns en Hispanoamérica, e unha oficina aberta en Polonia.

TRAXECTORIA PROFESIONAL DE ANTONIO LAMELA (1926)

Antonio Lamela é doutor en Arquitectura e académico de Belas Artes de San Fernando, doutor da Real Academia de Doctores de España e da Real Academia del Mar. É o fundador en Madrid en 1954 do Estudio Lamela (www.lamela.com). Desenvolveu máis de mil proxectos y pronunciou máis dun cento de conferencias, referentes a súa profesión e ao Humanismo.

Comezou a súa andaina profesional a mediados da década dos cincuenta. A súa obra é unha mostra da evolución da arquitectura española do último medio século e un espello das demandas sociais de cada momento. Foi precursor na aplicación de novas técnicas e métodos de traballo ("arquitectura suspendida" –nas Torres de Colón– e equipos de traballo multidisciplinares).

A súa arquitectura é ecléctica e pragmática. Moitos dos edificios máis emblemáticos de Madrid levan o selo de Lamela: as Torres Colón (Madrid), o estadio Santiago Bernabéu e a ampliación do Aeroporto de Madrid-Barajas coa Terminal 4 (xunto co arquitecto inglés Richard Rogers). En 2006 foi galardoado co Premio Rey Jaime I.